

BIOGRAFÍA DE JUANJO **LINARES**

Juan José Linares Martiáñez naceu en Ordes (A Coruña) en 1933 e faleceu en Madrid en novembro de 2009.

Dende moi novo xa tivo inclinacións pola danza, á que se dedicou profesionalmente pese a unha inicial oposición familiar.

Aprendeu os primeiros pasos de baile coa súa tía **Rita**, que, ao parecer, era unha moi boa bailarina, coa que estaba ao cargo en Ordes, pobo no que entón era moi apropiado bailar muiñeiras e xotas nas festas populares. Nun principio foi emparellado con **Teresa Marcos**, unha nena que tamén era moi afeccionada e coa que conseguiu numerosos premios nos distintos concursos nos que participou.

Máis tarde, xa na Coruña, iniciouse en distintas agrupacións folclóricas de *Educación e Descanso* e *Sección Feminina*, así como en **Aturuxo**. Foi **Imperio Argentina** a que, despois de velo bailar na estampa galega *Roseira de costume*, o reclamou para que se incorporase á súa compañía. A partir de entón formou parte de numerosas compañías coas que colaboraba como bailarín e coreógrafo.

Cando chegou a Madrid o primeiro que fixo foi tomar clases con distintos profesores, como **Luisa Pericet**, o **mestre Carito** ou o **mestre Parrón**, pero foi **Paco Reyes** quen máis influíu na súa traxectoria artística; del aprendeu baile, ética, método... Nesta escola coñeceu a **María Rosa**, que tamén tomaba clases co mestre, e coa que estableceu unha moi entrañable amizade. Foi alí onde **Rosario** o viu bailar e o contratou; debutou coa súa compañía no *Teatro da Comedia*, recibindo moi boas críticas.

Despois sucedéronse colaboracións con outras compañías coma as de **Antoñita Moreno**, **Marienma**, **Marifé de Triana**, **Pilar de Oro** ou **Alfredo Gil**.

No ano 1970, despois dunha *tournee* con **María Rosa**, unha enfermidade apartouno dos escenarios. O seu abandono da escena inclinouno a dedicarse con máis empeño ao ensino, á coreografía e, sobre todo, á investigación, facetas que desenvolveu ata o remate dos seus días.

Ao longo da súa traxectoria **Juanjo**, na súa tarefa de investigación, chegou a recompilar numerosos bailes tradicionais e, no seu xeneroso afán por divulgarlos, fundou distintos grupos de danza tradicional (a el non lle gustaba a denominación “folclore”, termo que consideraba pexorativo), entre eles o **Grupo Nacional de Danza** de Madrid, **Sementes da Arte** de Ordes e outros

coa mesma denominación, ***Semillas del Arte***, en Puebla de Montalbán (Toledo), Sasamón (Burgos), El Berrueco (Madrid).

Na súa inmensa actividade creativa é preciso destacar as coreografías ***Romance*** (1996), creada en colaboración co seu amigo e colega ***Pedro Azorín***, ou ***Fuenteovejuna*** (2001), na que participou man a man con ***Antonio Gades***.

O seu amor pola danza vese reflectido na versatilidade e nas distintas facetas profesionais que levou a cabo, o que explica a súa constante participación en distintos congresos como relator convidado, como membro de mesas redondas, como conferenciante ou como membro de xurados en concursos.

Ao longo da súa vida recibiu numerosos premios, como o ***Premio de Honor de FACIDE***, ***Medalla de Ouro da FEAF***; homenaxes, como os ***Días Internacionais da Danza*** de 2002 (Madrid) ou 2007 (Almería); medallas, como as de ***Ouro de Educación e Descanso*** (1957), ***Ouro de Ordes***, onde tamén foi nomeado ***Fillo Predilecto*** (1991), ***Prata de Belas Artes*** (1994), ***Bronce de Galicia*** (2003); diplomas, coma o de ***Mestre do Mundo***, outorgado pola *Universidade Northeastern de Illinois-Chicago* ou ***Patrón do Spanish Dance Institut*** de *Perth-Australia*.

Despois de moito tempo, en xaneiro de 2010 fíxose realidade o seu gran soño, que se puxera en marcha o ***Museo do Traxe*** no seu pobo natal de Ordes, ao que doou toda a súa colección composta por máis de mil traxes, ademais doutras das que se sentía especialmente orgulloso: cruces, castañolas etc..

Juanjo Linares pasará á historia como un dos máis acérrimos defensores e difusores da danza tradicional.